



## Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 1342/1102

### **ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30 DE DECEMBRO DE 2022 (1342/1102)**

- 1.- Ratificación da urxencia.

#### CONTRATACION

- 2.- Ampliación do prazo dos lotes 1 e 2 do contrato de subministro para a modernización e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo. Expte. 9887/113.
- 3.- Modificación do contrato mixto do subministro e servizo da infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para automatización de centralización de claves, custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificados. Expte. 6854/241.
- 4.- Proposta de aprobación do Plan anual de contratación municipal do ano 2023. Expte. 6812/241.

#### FESTAS

- 5.- Adxudicación da contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2023. Expte. 9499/335.
- 6.- Adxudicación da contratación do servizo de animacións para a cabalgata de Reis Magos 2023. Expte. 9500/335.

#### INTERVENCIÓN XERAL

- 7.- Proposta de aprobación das contas xustificativas dos libramentos a xustificar (6º). Expte. 102923/140.

#### SERVIZOS XERAIS

- 8.- Proposta de aprobación da modificación do proxecto de obras de "Humanización da rúa Purificación Saavedra, Fase II (entre Travesía Foxos e rúa Enrique Lorenzo)". Expte. 760/441.
- 9.- Proposta para aprobación do modificado nº.1 das obras do proxecto de "Humanización da Praza Francisco Fernández del Riego". Expte. 894/441.

#### TRANSPORTES

- 10.- Revisión de tarifas do servizo público regular do transporte urbano colectivo de viaxeiros para o ano 2023. Expte. 3951/449.

## **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE na súa Sala o día **30 de DECEMBRO de 2022, ás 13,15 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local comunicándolle que o expediente da convocatoria da sesión máis os expedientes incluídos na orde do día se atopan a súa disposición mediante o seu acceso electrónico na xestión de expedientes.

Así mesmo, notifíquese á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE e publíquese na sede electrónica do Concello de Vigo aos efectos do público coñecemento.

SGF/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez